



CPI de ATIOS Valdoviño

MEMORIA DPTO. DE FRANCÉS

CURSO	2022-23
Xefa de departamento	Laura M ^a Fernández Sánchez
Membros do departamento	-
Materia	Segunda Lingua Estranxeira Francés

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

En 1º ESO, cun total de 25 alumnos distribuídos en tres grupos, a programación cumpríuse en grao satisfactorio pois, cun bo nivel de traballo e esforzo persoal en xeral, todos os alumnos, en diferente medida, acadaron os obxectivos e a PD puido ser impartida segundo o previsto. Ademais, hai que sumar a este ambiente de traballo o feito de que os alumnos xa recibiran clase de francés en 6º de Primaria na materia de libre configuración (1 hora por semana); de xeito que non partíamos de cero, senón duns coñecementos básicos que serviron de base para ampliar e profundizar.

Os grupos de 2º ESO, A, B e C constaron de 14, 11 e 18 alumnos, respectivamente. A programación puido cumprirse grazas ás medidas de reforzo educativo que se aplicaron a un total de 3 alumnos e a que todos eles amosaron, na súa maior parte, un bo redemento académico. Deste xeito, a programación cumpríuse en contidos e tempo, aínda que algún dos contidos non foi explotado na profundidade habitual.

Por outra parte, os grupos de 3º ESO, cun total de 19 alumnos, 6 e 13 en cada grupo A e B, caracterizáronse por seren grupos moi heteroxéneos de alumnos, algúns dos cales manifestaron un alto nivel de rendemento académico e outros, algo máis baixo. Tal e como foi sendo reflexado nestas actas de departamento, os contidos da PD puideron ser impartidos segundo a temporalización prevista; neste sentido, foi moi positivo o aumento dunha hora semanal en 3º ESO, curso no que tanto a cantidade de contidos como a percepción da dificultade por parte dos alumnos aumenta levemente.

Os 14 alumnos de 4º ESO, correspondentes todos eles ao grupo A, amosaron un rendemento académico moi alto na meirande parte dos casos; todos eles superaron a materia, precisando un deles medidas de reforzo educativo por tratarse de alumnado repetidor.

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

Na CCP celebrada o 7 de febreiro de 2023, a dirección do centro informou aos asistentes do informe de convivencia, dos resultados da 1ª avaliación en todas as materias e da necesidade de modificar as nosas PD en función do cambio introducido pola Consellería de Educación no calendario escolar e polo cal, a 3ª avaliación coincidirá coa avaliación ordinaria e non existirá un período específico para a realización de actividades de ampliación e recuperación de materias. No mes de febreiro, este departamento actualizou a súa PD para adaptar os contidos á nova temporalización.

C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

Tal e como se indicou no apartado anterior, foi preciso introducir unhas modificacións relacionadas coa orde pola cal se elimina o período de tres semanas en xuño para que os alumnos recuperen a materia.

No que respecta á aula virtual, esta desempeñou un papel fundamental á hora de artellar os contidos da materia e ofrecer actividades aos alumnos. De cara ao curso que vén dotaremos de máis contidos a aula virtual e actualizaremos algún dos existentes.

D) Análise dos resultados da avaliación dos alumnos:

Resultados obtidos na avaliación ordinaria:

1º ESO. Total de alumnos: 25.			
Cualificación	Nº alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	4	16%	Aprobados: 25 alumnos = 100%.
9	5	20%	
8	4	16 %	
7	5	20 %	
6	5	20%	
5	2	8%	

4	0	%	Suspensos: 0 alumnos.

2° ESO. Total de alumnos: 43.			
Cualificación	Nº alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	5	11,6%	Aprobados: 43 alumnos 100%.
9	9	20,9%	
8	5	20,9%	
7	6	13,9%	
6	10	23,2%	
5	8	18,6%	
4	0	%	Suspensos: 0 alumnos.

3° ESO. Total de alumnos: 19 .			
Cualificación	Nº alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	2	10,5%	Aprobados: 19 alumnos = 100%.
9	5	26,3%	
8	6	31,5%	
7	2	10,5%	
6	1	5,2 %	
5	3	15,7%	
4	0	%	Suspensos: 0 alumnos.

4º ESO. Total de alumnos: 14.			
Cualificación	Nº alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	3	21,4%	Aprobados: 14 alumnos = 100%.
9	3	21,4%	
8	2	14,2 %	
7	2	14,2%	
6	2	14,2%	
5	2	14,2%	
4	0	%	Suspensos: 0 alumnos.

Ningún alumno leva a materia de francés pendente para o curso seguinte.

E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

En todos os cursos da ESO continuaremos co proxecto Edixgal para as actividades en liña, artellaremos as clases coma no presente curso en torno á aula virtual e traballaremos co material proporcionado nas clases pola profesora.

O vindeiro curso entrará en vigor para 2º e 4º ESO a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro e o Real decreto 217/2022, do 29 de marzo; ambos introducen cambios no currículo e na organización dos cursos que será preciso afrontar. Así, en 4º ESO, implementaremos o caderno *Transit 4* da editorial Santillana para as actividades escritas empregaremos o proxecto Edixgal coma nos niveis anteriores para as actividades interactivas, artellaremos as clases coma no presente curso en torno á aula virtual, e traballaremos co material proporcionado nas clases pola profesora.

En 1º, 2º e 3º ESO continuaremos co caderno de exercicios Transit 1, 2 ou 3 (segundo o curso) da editorial Santillana, empregaremos os recursos do proxecto Edixgal para as actividades en liña e artellaremos as clases coma no

presente curso en torno á aula virtual e traballaremos co material proporcionado nas clases pola profesora.

- 1º ESO: *Transit 1. Cahier d'exercices*. Ed. Santillana. ISBN: 9788490494493.
- 2º ESO: *Transit 2. Cahier d'exercices*. Ed. Santillana. ISBN: 9788490494516.
- 3º ESO: *Transit 3. Cahier d'exercices*. Ed. Santillana. ISBN: 9788490494530.
- 4º ESO: *Transit 4. Cahier d'exercices*. Ed. Santillana. ISBN: 9788490498187.

F) Avaliación da práctica docente.

O elevado índice non so de aprobados senón tamén de boas cualificacións en todos os cursos da ESO suxire que os alumnos foron capaces de acadar os obxectivos propostos pola profesora e que estes á súa vez foron axeitados ao seu nivel e capacidades. Neste mesmo sentido, cabe salienta que os alumnos non referiron en xeral dificultades á hora de seguir os contidos da asignatura ou preparar os exames, coa salvedade de determinados puntos en concreto da gramática que se resolveron no momento de presentarse as dificultades.

A experiencia de cursos pasados revelou indispensable a aula virtual como ferramenta docente. Se ben anteriormente a aula virtual funcionou como unha fonte de recursos e contidos á que os alumnos accedían mediante indicacións precisas da profesora; a partires xa do curso pasado, a aula virtual converteuse nun camiño no que os alumnos puideron atopar sempre o itinerario a seguir incluso na situación de non poder asistir a clase.

Con respecto aos alumnos de 1º ESO, a experiencia amosa que, grazas á materia de libre configuración (francés) que cursan en 6º de Primaria, os alumnos chegan a 1º ESO cun nivel básico de francés no que coñecen os números ata o 20, as cores, a descrición física básica, os saúdos e as preguntas de cortesía e as expresións básicas para falar do tempo meteorolóxico, entre outras.

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.

Non se realizaron actividades extraescolares ou complementarias relacionadas exclusivamente coa materia deste departamento. O curso que vén participaremos, se é posible, na Xornada da Francofonía en Galicia, ocasión que este curso perdimos por non ter chegado a información a tempo; tamén valorarase a oferta do concello e outras entidades, así como o cartel das compañías teatrais que representan pezas axeitadas á ESO ou adaptan obras clásicas.

H) Principais conclusións.

Os contidos o os obxectivos propostos na Programación Didáctica son axeitados ao nivel dos alumnos. No caso de 1º, 2º e 3º ESO, a presentación dos contidos na aula virtual adaptouse totalmente á secuenciación de contidos que os alumnos atoparon ao longo das unidades didácticas en cada curso, levando incluso o mesmo título que nos seus Cahiers, para que así lles resulte máis fácil seguir a asignatura e preparar os exames.

No tocante a 4º de ESO, esa adaptación farase para este curso 2023-24 xa que é entón cando traballaremos co Cahier d'exercices Transit 4 da editorial Santillana. Paralelamente, tamén dotaremos de máis contidos á aula virtual tanto para aqueles alumnos que precisen actividades de reforzo, coma para aqueles aos que lles gustaría profundizar máis de xeito autónomo na materia.

Do mesmo xeito, e para todos os cursos, cremos que debemos empregar cadernos semellantes a libros de texto que nos serven tanto para estimular a aqueles alumnos que amosan un rendemento académico moi alto, como para axudar a aqueles que se senten máis perdidos sen o apoio dun libro cos contidos sistematizados e repertoriados en esquemas.

Valdoviño, a 29 de xuño de 2023.

Laura M^a Fernández Sánchez, xefa do Dpto. de Francés.